

ESPAZO-ACCIÓN

Un estudo sobre as relacións entre estética-ideoloxía e forma-acción aplicadas ao deseño dos espazos de uso comunitario.

Estella L. Freire Pérez

Arquitecta e Profesora da Universidade de Santiago de Compostela, Facultade de Formación do Profesorado, Área de Didáctica da Expresión Plástica. Lugo, Galiza.

Resumo:

Este estudo explora a dimensión simbólica e matérica das formas en relación aos que as experimentan, explora a capacidade do espazo para reflectir os modos de vida que nel se desenvolven. Neste senso, enténdese o espazo como contedor de significados e significantes, de historias de vida, de pegadas, de accións... un espazo polisémico co que nos sentimos identificados, onde proxectamos parte de nós. Así, ao igual que o noso corpo, o espazo é o segundo casulo que nos envolve, que nos coida, no que nos relacionamos cos demais.

As experiencias realizadas baséanse na comprensión da xeración de formas-accións por parte de comunidades de aprendizaxe e de cómo estas formas-accións son extrapolables a territorios e espazos de uso compartido, mellorando con estas prácticas o entendemento das formas da nosa contorna. Só se entendemos que no espazo que nos rodea podemos proxectar as nosas inquedanzas, experiencias e necesidades, só así poderemos ser partícipes da súa construción.

Palavras-Chave: Educación Artística; Arquitectura social; Investigación Baseada nas Artes (IBA); Construción de Identidades; Estética e Ideoloxía.

*[...] porque o único sentido oculto das cousas
É mais estranho do que todas as estranhezas,
que as cousas sejam realmente o que parecen ser*

*As cousas nao tem significação, tem existencia.
As cousas sao o único sentido oculto das cousas.*

Fernando Pessoa.

1. A relación entre estética e ideoloxía. O espazo como identidade dos que habitan.

Son as persoas as que a través do uso do espazo e das relacións que no propio espazo se establecen, as que determinan a súa configuración. Os espazos públicos como o seu nome indica son espazos pensados para o uso compartido, son espazos coidadores que arroupan, que invitan á fala e á xuntanza, ao intercambio e á reunión. A relación habitante-espazo-contexto é unha triada indisoluble para a análise e reflexión sobre o tratamento dos espazos.

Recuperar esta función primeira do espazo público é necesaria para consolidar precisamente o carácter de público moitas veces ensombrecido polo propio deseño arquitectónico do mesmo. É necesario repensar os espazos do común dende o uso social dos propios espazos, analízalos dende a súa orixe, e pensar cómo afectan as transformacións e intervencións que neles se levaron a cabo. Son os significados que as persoas atribúen aos elementos do propio espazo os que determinan o seu uso.

Dirixir a mirada cara os usos que os espazos do común posibilitan e poñer en valor estes usos paralelos serven para cuestionar o trazado e deseño das nosas cidades, vilas, rúas e barrios e dos espazos que as conforman. Os espazos públicos son lugares simbólicos contedores de historias de vida e portadores de identidades colectivas. O espazo público funciona como unha rede espacial continua, como un intercambiador de experiencias, como formas de contacto e aprendizaxe.

Así pois, o concepto de forma convértese nunha relación, nun verbo, convértese en forma-acción, e é dende este concepto dende o cal se fai a revisión dos criterios de deseño dos espazos da nosa contorna. Un espazo que debe nacer das necesidades das persoas usuarias, das accións cotiás dos que habitan, das relacións entre estos e o territorio, e non un espazo predeseñado, estandarizado, creado en laboratorio, con formas ríxidas ligadas a funcións exclusivas e inmóviles.

1.1 O contexto como acontecemento estético e educativo

O papel do espazo entendido como lugar en relación ao que habita é fundamental para formarnos como persoas sensibilizadas co noso patrimonio construído, cultural e artístico, e tamén en relación ao contexto no que vivimos. Trátase de reflexionar sobre esta cuestión a través de actividades e procesos artísticos que liguen espazos, estética e aprendizaxe.

O coidado dos espazos e ambientes nos que vivimos, convivimos e educamos é a mostra do respecto aos significados e valores que alí se producen. Os espazos son contedores de historias de vida e de obxectos da xente que pasa ou habita, de memoria e de significados colectivos, por eso, a estética e o coidado do espazo reflexan tamén a ética e a sensibilidade dos que os habitan.

A estética é ideoloxía, a estética define a identidade, evoca significados. Nesta liña, e tal e como suxire Lefebvre (1968, p.87), habería que estudar cómo se significa a cidade a partir dunha semiótica propiamente urbana, e como se significan as formas de vivir e habitar dende unha semioloxía da vida cotiá.

O compromiso social da arquitectura e do urbanismo parte do entendemento do urbano como ámbito social, o coñecemento da realidade urbana a través dos que a habitan é o punto de partida para a transformación e a humanización dos espazos da nosa contorna, onde o mundo material e a vida humana conviven nunha relación harmónica (Aalto, 1982), onde os espazos responden á necesidades reais dunha sociedade diversa.

Habitar non é algo pasivo, non é un puro estar, senón que, especialmente a efectos de interés educativo, o que se pon en xogo é unha actividade enormemente implicada, un proceso que mobiliza valencias afectivas, recursos cognitivos e vivencias corporais, e, ao tempo, acordos sociais e valores culturais. Falar do que a arquitectura permite cando se fai lugar é falar do uso pedagóxico do lugar, de como o medio é un campo de aplicación, de como os lugares se constrúen cada vez que se habitan, pois o proxecto arquitectónico e a edificación baleira tan só supoñen unha primeira enunciación (Blay, 2004, p.199).

Como cita Lefevre "o feito de habitar nun lugar ou noutro, supón a recepción, adopción e a transmisión dun sistema determinado"(Lefevre, 1968, p.131). Este sistema de signos e significacións inherentes ás formas urbanas e ás accións e comportamentos que nelas se inscriben, abre paso a un campo de estudo que liga semiótica e arquitectura. Eco no seu libro *Introducción ao estruturalismo* suxire que "as formas espaciais en todo edificio e en toda cidade, están concebidas para suxerir, para inducir a tipos de comportamento determinados"(citado por Lara, Rubio, Higerá, 2011, p.141).

Comprender a natureza do espazo habitado e as relacións, significados e simbolismos que establecemos no propio espazo, é en sí mesmo un campo de aprendizaxe. Este estudo profundiza na relación aprendizaxe-contexto-actividade artística, con propostas baseadas na exploración de formas de aprendizaxe ligadas ao contexto e ao entorno próximo. Son procesos de aprendizaxe en, a través e sobre a arte que permiten experimentar na contorna a través de experiencias vivenciais e narrativas propias.

Estas prácticas cuestionan o entorno no que vivimos e traballan na transformación do mesmo no intento de crear unha realidade mellor. As relacións estéticas son sensibles e se multiplican en procesos de creación artística. Estes procesos traballan coa traxectoria de vida e a experiencia vital das persoas en relación ao contexto e á comunidade da que forman parte empregando os procesos de creación artística como ferramenta e metodoloxía principal.

No seguinte apartado faise unha enumeración de diferentes actuacións de referencia que teñen en común a elaboración de propostas e proxectos de transformación de realidades mediante a práctica artística colectiva. Son propostas de actualidade levadas a cabo en diferentes ámbitos e que mostran deseños e modos de facer que, enmarcadas en todo o anterior, apostan polo entendemento, o estudo e a transformación das formas e significados da realidade como un campo aberto á reflexión.

1.2 Responden os lugares que habitamos ás nosas necesidades de habitar?

Unha das liñas principais de investigación que articula este estudo é a observación dos benestares e malestares que os espazos domésticos, comunitarios e urbanos transmiten, tanto materiais como inmateriais,

Como cidadáns resignadas e moitas veces sen voz nas decisións de planificación urbana, sufrimos os males da cidade e dos espazos que nos rodean no noso día a día, tendendo á normalización do mal uso do espazo urbano.

Son moitas veces os lugares (in)formales transformados pola cidadanía os que asumen o papel de transformadores, espazos que xurden á marxe do planeamento, lugares compartidos, lugares de benestar. Estes espazos contribúen ao soste e ao benestar persoal e colectivo, xeran unha rede paralela na cidade onde a cidadanía habita, comparte e experimenta a cidade.

Ser consciente destas outras arquitecturas, desta anarcoarquitectura, é o primeiro paso para a reflexión e a implementación de melloras na ci-

dade que habitamos. Alfaya e Muñiz na súa publicación *Habitares: os lugares dos cidadáns*, falan da necesidade de comprensión desa cidade co-tiá dende o entendemento da pequena escala dos que a habitan, para así ser quen de pensar espazos suficientemente flexibles que asuman a temporalidade e se axusten ás demandas das persoas usuarias.(Alfaya, L. e Muñiz, P. 2009, p. 10).




Figura 1. Cipriano Chas, *Expo-Habitares*, Novembro 2008. Exposición, Palacio de Congresos. Santiago de Compostela. Fonte: <https://www.flickr.com/photos/ergosfera/3137339306/>

A exposición *Expo-Habitares*, que tivo lugar en Santiago de Compostela no mes de novembro do 2008 e complementaria á publicación do libro de Alfaya e Muñiz, xiraba en torno á posta en valor da expresión propia do espazo público como dereito cidadá, e da necesidade de visibilizar novos modelos de expresión ligados ao espazo público para facer da cidade un lugar máis xusto e democrático.

A análise entre a relación estética e ideoloxía, entre forma e acción ou das posibilidades de acción que permiten as formas, obxectos e mobiliario que nos rodean permite pois falar da posibilidade de transformación. Entender os espazos públicos onde interactuamos cos demais como espazos abertos e versátiles desligados de intervencións privativas e condicionadas, é a premisa principal do estudo.

Pensar as formas como reflexo da acción e da creación para a acción, é pensar no deseño como proceso. Cando falamos de espazos de benestar é inevitable falar de espazos lúdicos, espazos pensados e creados segundo as necesidades e demandas dos que os habitan que favorezan o benestar individual e colectivo.

Traballar na mellora do benestar individual e colectivo é unha cuestión cada vez máis relevante nos proxectos de intervención do espazo público desenvolto por diferentes colectivos pluridisciplinares.

Numen for use son un colectivo que desenvolve propostas que intersecan nos espazos de uso común a modo de experimentos formais, onde as persoas interactúan co obxecto nunha sorte de dialéctica conceptual e escenográfica.




Figura 2. Kristof Vrancken, *Net- Numen for Use*, Outubro 2011. Z33 Art Centre, Hasselt, Belgium. Fonte: <https://www.flickr.com/photos/z33be/5908254255>



Figura 3. Colectivo Boa Mistura, *Si te vas debajo de un puente por lo menos que sea de colores*, Maio 2013. Proyecto Autobarrios, Barrio de San Cristóbal, Madrid. Fonte: <https://www.flickr.com/photos/rh2ox/9062928180/>

Autobarríos(2013) é un proxecto guiado polos arquitectos Juan López-Aranguren (Basurama) e Sara Fernández e o colectivo artístico Boa Mistura , unha proposta de autoxestión para a creación dun centro cultural ao aire libre. Esta proposta traballa co territorio, a arquitectura e os materiais reutilizables, enfoca a súa obra dende a perspectiva comunitaria da transformación de espazos. A perspectiva lúdica do uso do espazo é tanxible tanto nesta proposta como en moitas outras dos colectivos citados. As instalacións feitas xeralmente a partir de materiais reutilizables transforman o espazo urbano e os seus usos mediante elementos de xogo, lecer e cultura para toda a cidadanía. Este tipo de instalacións non só fan reflexionar sobre a potencialidade dos espazos, senón que sentan a base para alentar á cidadanía a ser axente activo da transformación, conseguindo con este tipo de accións facer unha reflexión profunda sobre os lugares non visibles das cidades.

Neste sentido, é necesario entender os lugares do común como formas de estética porosa, abertas ao público e ás súas necesidades, algo que non pode ser a expresión dos intereses dunha soa comunidade, senón espazos para a interacción xeral da cidadanía.

As arquitecturas das propostas presentadas amósanse como unha ferramenta construtora de situacións, de formas abertas, de lugares posibles, onde as persoas usuarias otorgan significados e significantes durante as accións que nelas desenvolven. Son espazos configurados para o lecer e o disfrute, para o intercambio de experiencias que nacen precisamente das experiencias que o individuo proxecta sobre o contexto, xerando e alimentando imaxinarios comúns e formas de relación-acción.

1.3 Educar a través das formas

A concepción estética das formas é a relación harmónica que establecemos con elas e co contexto no que se insiren. As formas no contexto establecen relacións de contacto con outras formas sen perder identidade xerando novas entidades de maior importancia. A combinación de formas tridimensionais sobre unha rede espacial, conforma estruturas, lugares, ... as formas xeran o seu propio espazo, integrando o espazo formal co espazo arquitectónico e social.

Así a forma constitúe o reflexo e a materialización de múltiples experiencias sociais e culturais. Educar a través das formas é traballar a forma como proceso de creación , como proceso aberto a múltiples significados, aceptando ambigüidade da forma fronte á literalidade dos deseños estereotipados. Só se entendemos que no espazo que nos rodea podemos

proxectar as nosas inquedanzas, experiencias e necesidades, só así poderemos ser partícipes da súa construción e transformación.

A forma como creación é entender pois a forma como a identidade do elemento. As prácticas realizadas entenden pois a forma como elemento de análise, e empregan a educación artística como ferramenta, como proceso de investigación sobre a forma e sobre as interaccións entre elas, analizando os ritmos, os contrastes, a luz, a materialidade e a textura das composicións.

Partindo desta perspectiva analízanse as relacións que as formas establecen co individuo, as relacións de éste coas formas que o rodean e de cómo estas sinerxias de acción-relación abren paso a un campo de estudo dentro da educación.

Por medio da forma obtemos a información de todo no que nos rodea, mais esta información está ligada en todo caso non só á identidade do elemento á que se refire dita forma, senón á identidade do suxeito que interpreta dita forma. As experiencias e a identidade da persoa inflúen directamente sobre a percepción da forma.

A experiencia estética ten que ver, en relación ás formas, co exposto anteriormente en canto que establece o feito de facer unha reflexión sobre as percepcións recibidas da contorna. A experiencia estética é o resultado da acción vivencial sobre as formas que nos rodean, poñendo en xogo a imaxinación, a disposición do orde, a medida, os elementos compositivos dun todo en relación ao suxeito que o percibe e o experimenta (Abad e Ruiz de Velasco, 2019).

A dimensión estética do ser humano, e por extensión dunha sociedade, reflíctese nas formas de vida, nas formas do habitar e de relacionarse en comunidade. Así, Estética, Forma e Ideoloxía son referentes dunha cultura sociocultural dun contexto determinado, nun tempo determinado.

Educar o gusto estético a través da composición e da simboloxía que as formas permiten, posibilitan a ampliación do noso imaxinario como incesante creador de formas. Son moitas as investigacións ligadas á Educación artística, ao mundo da arte e da arquitectura que desenvolveron propostas que traballaban dende a premisa principal de aceptar a ambigüidade da forma e onde educación, imaxinación, xogo e creación confluían nunha metodoloxía que partindo da análise das formas da contorna, permitía a creación de espazos simbólicos e imaxinarios, polisémicos e versátiles que constituían en sí mesmos os propios procesos de aprendizaxe.

A composición e a simboloxía da forma aplicada ao espazo urbano e ao contexto inmediato produce escenografías posibles ligadas ao lecer,

ao benestar e ao coidado. Traballar dende a reflexión sobre as formas da nosa contorna e de cómo afectan ao noso día a día e indagar sobre solucións estéticas e plásticas, permite desenvolver o noso gusto estético e cuestionar a formalidade e os usos dirixidos dos espazos estandarizados que se multiplican nas cidades que hoxe habitamos.



Figura 4. Fay S. Lincoln, *Isamu Noguchi: playground model*, Fay S. Lincoln Photograph collection, 1920-1968, HCLA 1628, Special Collections Library, Pennsylvania State University. Fonte: <https://www.flickr.com/photos/pennstatespecial/9598133517>

2. Espazo Acción. Prácticas espaciais realizadas.

A forma entendida como sistema de relacións, implica á propia relación entre formas. A identidade do obxecto ten que ver coa intensidade e o axuste coa que se ordean as variables que interveñen e co proceso de creación da propia forma dentro do contexto, da súa materialidade entendida como a acción e identidade e expresión do suxeito que interacciona coa forma, sexa ou non creador da mesma.

O obxectivo principal destas prácticas espaciais é o de comprender e valorar a semioloxía da forma dende unha perspectiva estética, incorporando prácticas ligadas ao deseño de espazos sinxelos, onde as características espaciais do soporte empregado reflictan accións e significados posibles. Deste xeito, as producións presentadas conforman un sistema de relacións e posibilidades aplicadas aos espazos de relación que coñecemos.

No seu libro *Design as Art*, Bruno Munari fala da figura do deseñador como un planificador con sentido estético que axuda ás súas producións a obter os seus propios significados, independentemente dos elementos básicos que a compoñan. Así, moitas das súas producións son abertas e variables en forma e volume, dacordo co uso ao que se adscriben (Munari, 1966, p.169). En *Cómo nacen os obxectos* de novo, Munari aposta por descodificar e desenvolver unha metodoloxía proxectual que parte da definición e análise da cuestión para a xeración de ideas posibles que darán paso á experimentación-creación (Munari, 1983). Bruno Munari é un referente chave neste estudo, onde a liña principal a seguir é a análise da forma e as súas posibilidades de composición e relación a partir de obreiroiros de deseño e creación artística baseados na súa metodoloxía.



Figura 5. Estella Freire, *Práctica Cidade ideal*, 2019, Facultade de formación do profesorado, Lugo. Fonte: Estella Freire.

O que se pretende con esta proposta é traballar as relacións formalestética e estética-ideoloxía nos espazos das nosas aulas, espazos públicos e cidades, partindo de formas abstractas e conceptuais aplicadas a contextos reais. Son deseños baseados na produción artística, no modelo produtivo fronte ao reproductivo, no facer coas mans..que promoven a construción de situacións dentro da aula a modo de escenografías que axudan a contextualizar o proceso e invitan á reflexión profunda sobre as características da contorna na que habitamos.

A primeira fase é unha asemblea grupal onde sentar a problemática a tratar: edúcase o gusto estético?, están deseñados os espazos para o uso para o que se propoñen? existe unha relación entre estética e ideoloxía?, inflúe o espazo nos procesos de aprendizaxe? Unha vez expostas as reflexións de partida sobre o cuestionamento da estética e do espazo como axente educadativo, a investigación require dunha análise comparativa entre deseños de espazos que respondan aos criterios de boas prácticas estéticas e de espazos en uso que distan de responder a unha relación harmónica entre estética-forma-uso. A partir de imaxes dos Playgrounds de Van Eyck, Isamu Noguchi, e outros proxectos contemporáneos, iníciase o proceso de creación de novos espazos habitables e de lecer.



Figura 6. Estella Freire, *Práctica Espazos de lecer*, 2019, Facultade de formación do profesorado, Lugo. Fonte: Estella Freire.

Na fase de experimentación a produción artística individual do alumnado é a técnica e é á súa vez o instrumento de recollida de datos, e é tamén unha mostra de análise e reflexión sobre os conceptos traballados nos puntos anteriores. Finalmente, o alumnado recollerá as súas principais reflexións e conclusións sobre o proceso nun cartafol no que se combinará a documentación fotográfica do proceso, as fotomontaxes das producións no contexto real e as narracións derivadas.



Figura 7. Estella Freire, *Práctica lugares resistencia1*, 2019, Instituto Rosalía, Santiago de Compostela. Fonte: Estella Freire.




Figura 8. Estella Freire, *Práctica lugares resistencia2*, 2019, Instituto Rosalía, Santiago de Compostela. Fonte: Estella Freire.

Pedirase ao final da realización da proposta unha reflexión individual sobre os temas tratados e sobre a comparativa e análise dos lugares de lecer entendidos como espazos de aprendizaxe e da proposta educativa presentada como ferramenta para facer fincapé no estudo do espazo como axente educativo.

Os nosos parques adoitan ser pequenos espazos pechados, espazos non adaptados para que as crianzas desenvolvan os seus propios xogos, experimenten e enriquezan o seu imaxinario a través das experiencias. Como docentes debemos reclamar que no noso centro se xere pouco a pouco un patio que permita a experimentación das crianzas, manipular materiais, correr e saltar (narración extraída do cartafol dunha alumna, 2019).

é unha maneira de facer unha composición abstracta e conceptual sobre un folio e reflexionar e pensar sobre os espazos que ésta xera, especialmente os educativos e os de lecer (narración extraída do cartafol dunha alumna, 2019).

Trátase de admitir que as formas ou xéneros propios das manifestacións artísticas poden abrir novas posibilidades ao campo de coñecemento, que a diversidade de significados conleva a unha recuperación de formas de indagación que combinan as experiencias persoais e profesionais das persoas e destas recoñecidas no seu contexto.

3. A modo de conclusión

Dende o enfoque da A/r/tografía as figuras do artista, investigador e docente traballan de forma paralela nunha perspectiva metodolóxica baseada nas artes e nos esquemas rizomáticos do coñecemento. A figura do investigador-educador-artista móstrase pois como a dun axente mobili-

zador capaz de conectar arte, educación, acción e entorno con outro tipo de necesidades sociais, cunha profunda sensibilidade de cara ao contexto próximo no seu sentido máis amplo, poñendo en funcionamento proxectos que enlacen coa realidade social inmediata.

A investigación proposta traballa nesta liña, aunando nunha mesma dirección as inquedanzas profesionais ligadas ao deseño de espazos, a preocupación como docente sobre a necesidade de ligar educación e contexto dentro e fóra da aula e a perspectiva investigadora que de todo esto se deriva.

A metodoloxía proposta é pois unha metodoloxía narrativa baseada na imaxe, na produción artística e na escritura, que busca formas alternativas de contar e representar a experiencia investigadora ligada ao proceso creativo. Busca estratexias e procesos de aprendizaxe no que o contexto e o cuestionamento da realidade inmediata sexan os elementos detonadores das propostas.

Coa práctica na aula cuestionamos a forma de construír un lugar, xerando novas propostas de deseños urbanos. Traballamos con material simple de forma que estas accións podan ser extrapoladas a outro tipo de propostas educativas, a outras dimensións e contextos.... Estas prácticas ligan arte e transformación do espazo dende a creación colectiva, o alumnado pénsase colectivamente. Trátase dun contexto de acción que invita á transformación significativa do espazo da aula (Morales, 2014). Da posta en común das producións xurden liñas de pensamento e reflexións sobre diferentes cuestións que van máis alá da premisa de partida, que expanden o propio proceso implementando as súas posibilidades e adaptacións pedagóxicas.

REFERÊNCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Aalto, A., (1982). *La Humanización de la Arquitectura*. Barcelona, España:Tusquets.
- Abad, J. e Ruiz de Velasco, A. (2019). *El Lugar del símbolo. El imaginario infantil en las instalaciones de juego*. Barcelona, España:Graó.
- Alfaya, L. e Muñiz, P. (2009). *Habitares: os lugares dos cidadáns*. A Coruña, España: Andar Cuatro S.L.
- Alexander, C., Ishikawa, S., Silverstein, M., (1977). *A Pattern Language*. New York, USA: N.Y. Oxford University Press.

- Bachelard, G., (1994). *The Poetics of Space*. Boston, USA: Beacon Press.
- Barone, T., (2003). Challenging the educational imaginary. *Qualitative Inquiry*, 9, (2), pp. 202-218.
- Barone, T., (2006). Arts-based educational research then, now, and later. *Studies in Art Education*, 48, (1), pp. 4-8.
- Blay, T., (2004). Arquitectura, educación: Perspectivas y dimensiones. *Revista española de pedagogía*, 62 (228), pp. 199-220.
- Clandinin, J. e Connelly, M., (2000). *Narrative inquiry: Experience and story in qualitative research*. San Francisco, USA: Jossey-Bass.
- Denzin, N., e Lincoln, Y. (1998). *Collecting and interpreting qualitative materials*. London, England: Sage.
- Dewey, J., (1949). *El arte como experiencia*. México: Fondo de Cultura Económica.
- Eisner, E., (1995). What artistically crafted research can help us to understand about schools. *Educational Theory*. 45(1), pp. 1-13.
- Eisner, E., (1998). *El ojo ilustrado. Indagación cualitativa y mejora de la práctica educativa*. Barcelona, España: Paidós.
- Hernández, F., (2006). *La investigación basada en las artes. Propuestas para repensar la investigación en educación*. Barcelona, España: Universidad de Barcelona.
- Irwin, R., (2004). A/r/tography: A metonymic métissage. En R. L. Irwin y A. Cosson. (Eds.), *A/r/tography: Rendering self through arts based living inquiry* (pp. 27-38). Vancouver, BC: Pacific Educational Press.
- Lara, M., Rubio, M., Higuera, A. (2011). Semiótica y Arquitectura. Lo que al usuario significa... *Quivera*, vol. 13, (núm. 1), 139-155
- Lefebvre, H., (1968). *El derecho a la ciudad*. Madrid, España: Capitán Swing Libros.
- Marín, R., (2005). *Investigación en Educación Artística: temas, métodos y técnicas de indagación sobre el aprendizaje y la enseñanza de las artes y culturas visuales*. Granada, España: Editorial Universidad de Granada.
- Morales, M., (2014). Tejiendo espacios. Intervenciones artísticas como investigación educativa./Weaving spaces. Artistic Interventions as educational research. *Tercio Crecente*, 3(1), pp.51-60.
- Munari, B. (1983). *Cómo nacen los objetos. Apuntes para una metodología proyectual*. Barcelona, España: Gustavo Gili
- Munari, B. (1966). *Design as Art*. London, England: Penguin Group.
- Muntañola, J., (1984). *La arquitectura como lugar. Aspectos preliminares de una epistemología de la arquitectura*. Barcelona, España: Gustavo Gili.